

Existe unha teoría segundo a cal por cada acción que realizamos o universo no que nos atopamos divídese en varios universos. Isto significa que por cada decisión que tomamos existen infinitos universos nos que tomamos outras decisións ou estas teñen diferentes resultados.

A pesar de non considerar verdadeira esta teoría, gústame pensar en todas as vidas que a súa existencia me permitiría vivir.

Se cada decisión que tomei ao longo da miña vida é diferente en cada universo, existe unha versión de min facendo o bacharelato de artes, outra facendo o de ciencias, outra que deixou de estudar para comezar a traballar antes e moitas outras en diferentes ciclos.

Existiría unha versión de min que se converterá en bióloga, outra en profesora, outra nunca deixou de estudar música e vivirá de iso, outra será doutora, outra artista e outra será dependenta nunha tenda.

Existiría unha versión na que todos os meus seres queridos seguen connigo, outra na que non me rendín tan facilmente e loitei polos meus soños. Outra versión de min ten unha relación mellor cos meus pais, e outra unha moito peor.

Tamén existiría unha versión que nunca coñeceu aos meus amigos e outra que os coñecerá máis tarde na vida.

No caso, pouco probable, de que esta teoría fose un fenómeno real, encantárame poder coñecer a todas as versións que nunca serei, escoitar as historias do que a miña vida puido ser e nunca será.

Mais, agora que o penso, en realidade preferiría non coñecelas, xa que non creo que iso levase a nada máis que ao constante arrepentimento por escoller como o fixen.

Sei que vou vivir unha vida chea de felicidade e rodeada de xente que quero, e non considero xusto nin para min nin para as persoas do meu redor vivir nun constante arrepentimento e non poder agradecer a afortunada vida á que me levaron as miñas decisións neste universo.

É por isto que, queridas versións de min, se existides non mo fagades saber. Espero que levedes unha vida marabillosa e non saber nada dela xamais.

Irene Bellón Vecino